

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 18 de xullo de 2014, adoptou o seguinte acordo:

5.- CORRECCIÓN ERROS: PREGO CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS. EXPTE. 71048/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 17/07, da xefa do servizo de Contratación conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“NORMATIVA APLICABLE:

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

En data 26 de xuño de 2014 a Xunta de Goberno Local acordou:

“Primeiro.- Aprobar a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de acondicionamento, arranxo, mantemento e conservación das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares para a referida contratación, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras e asinado con data 9 de maio de 2014 que figura no expediente.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 18 de xuño de 2014, que figura no expediente.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de 5.289.256,20€, que cun I.V.E de 1.110.743,80€, supón un total de 6.400.000,00€, con cargo á partida 1550.210.0001 e co seguinte desglose por anualidades nas que o Concello comprométese a incluír o crédito necesario e suficiente para a execución do contrato:

Anualidades	Importe sen IVE	IVE	IMPORTE TOTAL
2014	440.771,36 €	92.561,98 €	533.333,34 €
2015	1.322.314,05 €	277.685,95 €	1.600.000,00 €
2016	1.322.314,05 €	277.685,95 €	1.600.000,00 €
2017	1.322.314,05 €	277.685,95 €	1.600.000,00 €
2018	881.542,70 €	185.123,96 €	1.066.666,66 €
Total	5.289.256,20 €	1.110.743,80 €	6.400.000,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Estando en período de licitación o citado expediente se ten detectado un erro material nas fórmulas previstas na cláusula 15 do PCAP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Nos apartados 15.2.1º.c e 15.2.2º.c do PCAP se recolle a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx + 0,20 * Pmx * A}{B}$$

No entanto o correcto sería que a fórmula fose a seguinte:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Segundo.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105 LRJAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto no apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar as fórmulas previstas na cláusula 15.2.1º.c e 15.2.2º.c do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do concello de Vigo por procedemento aberto, substituíndoas pola seguinte:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e un de xullo do ano dous mil catorce.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.